



ORDE POLA QUE SE APROBA O PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA 2023

O Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), desenvolve as previsións da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (en adiante LOFAXGA), en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia (en adiante LEG) e co resto da normativa específica da Comunidade Autónoma na materia.

Segundo se ordena na LOFAXGA, os organismos autónomos desenvolverán a súa actividade consonte un Plan anual de actuación (en adiante PAA), que será aprobado por orde da consellería de adscrición. En aplicación da LEG e do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o IGE está adscrito á Consellería de Facenda e Administración Pública.

As tarefas encomendadas ao IGE no PAA sumaranse ás que se lle asignen no decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual (en adiante PEA) da Comunidade Autónoma para o mesmo ano, tal e como se prevé no artigo 9 da LEG.

O Consello Galego de Estatística, creado no artigo 45 da LEG como órgano superior consultivo da actividade estatística, e o Consello Reitor, previsto no artigo 63 da LOFAXGA como órgano superior de goberno do IGE, aprobarán os resultados da actividade anual do IGE, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

En canto aos recursos asignados para conseguir os obxectivos previstos, correspóndelle ao Consello Reitor aprobar o anteproxecto de orzamentos e a proposta de relación de postos de traballo do IGE.

Con base en todo o anterior,

DISPOÑO

Artigo 1. Natureza xurídica e adscrición

O IGE é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Facenda e Administración Pública, creado na LEG e cuxo estatuto foi aprobado por Decreto 60/2016, do 26 de maio. O artigo 39 de LEG recolle as súas funcións como órgano que dirixe e coordina a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma.

Para cumprir estas funcións, que se concretarán nos plans plurianuais e nos programas estatísticos anuais establecidos nos artigos 6 ao 13 da LEG, cómpre dotar ao IGE dos recursos materiais e humanos necesarios e desenvolver unha serie de actuacións complementarias e de apoio das propiamente estatísticas. Ditas actuacións recóllense nos PAA previstos na LOFAXGA e no Estatuto do IGE.

Artigo 2. Obxecto

A presente orde ten por obxecto aprobar o PAA do IGE de 2023, mediante o establecemento das actuacións a desenvolver para apoiar e complementar ás que se lle encomendan no PEA 2023.





Artigo 3. Vixencia

O PAA 2023 estará vixente desde a data na que se dita esta orde ata o 31 de decembro de 2023. De ser o caso, prorrogarase de forma tácita ata a aprobación e entrada en vigor do seguinte.

Artigo 4. Obxectivos

I. Obxectivo estratéxico

O obxectivo estratéxico do PAA é de natureza instrumental, para facilitar o funcionamento do IGE como órgano central do sistema estatístico de Galicia e contribuír á consecución dos obxectivos contemplados no PEA do mesmo ano.

II. Obxectivos operativos

O obxectivo estratéxico concrétese nos seguintes operativos orientados a:

1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico galego (nivel alto)
2. Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias (nivel medio)
3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico (nivel baixo)
4. Apoiar estatisticamente o deseño e avaliación de políticas públicas (nivel medio)
5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio (nivel alto)
6. Reforzar a organización do sistema estatístico e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público (nivel medio)

III. Actividades

O IGE, como soporte e complemento das actuacións estatísticas que se lle encomendan no PEA, realizará no 2023 as seguintes, agrupadas nos obxectivos operativos a satisfacer:

1. Facilitar a coordinación do sistema estatístico galego
 - Recollida de coordenadas xeográficas das unidades estatísticas
 - Análise das vías administrativa e lexislativa sobre demografía empresarial
2. Mellorar a difusión, comunicación e atención ás persoas usuarias
 - Participación en congresos e xornadas
 - Xestión de fondos da biblioteca do IGE
 - A información económica nas webs internacionais
3. Contribuír á formación e divulgación de coñecemento estatístico
 - Cursos impartidos na Escola Galega de Administración Pública
 - Colaboración coa Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións no XIII Concurso incubadora de sondaxes e experimentos
 - Participación na XVI Feira matemática da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática
 - Prácticas de estudantes das universidades galegas
 - Xornadas de portas abertas





5. Modelizar os sistemas sociodemográfico, económico e do medio
 - Microsimulación de impactos no IRPF
 - Informe sobre a posición cíclica da economía galega
 - Participación nas actividades do grupo de usuarios do QUEST da DG ECFIN
 - Difusión dos modelos macroeconómicos de proxección trimestral e QUEST3RD para Galicia
6. Reforzar a organización do sistema estatístico e a colaboración con outros órganos e entidades do sector público
 - OPE 2022O. Escalas superior e técnica de estatística
 - Apoio á Axencia Tributaria de Galicia na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos
 - Participación na estimación da recadación das principais figuras tributarias da Comunidade Autónoma
 - Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
 - Colaboración no informe económico-financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
 - Informe para a AIReF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
 - Axencias de Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas
 - Participación en observatorios, comisións, consellos e outros órganos

Artigo 5. Indicadores

Para seguir os obxectivos e resultados do PAA 2023, o Consello Reitor, por proposta da Dirección do IGE, aprobará un informe xeral anual das actuacións desenvolvidas nese marco, valorando os resultados obtidos e sinalando as deficiencias observadas.

Ademais de dar conta perante o Consello Reitor de cada actuación do PAA 2023, elaborárase un indicador global sobre a súa execución. A el, dado o carácter instrumental do PAA, sumaranse os indicadores de seguimento do PEA 2023, que se recollen nun informe aprobado polo Consello Galego de Estatística. Os resultados do PAA 2023 mediranse entón cos seguintes indicadores:

INDICADOR	Valor a acadar no 2023
Grao de execución das actuacións do PAA 2023 (%)	70%
Grao de execución das estatísticas do IGE no PEA 2023 (%)	95%
Puntualidade na difusión das estatísticas do IGE no PEA 2023 (%)	90%
Oportunidade na difusión das estatísticas do IGE no PEA 2023 (meses)	12

Artigo 6. Recursos orzamentarios

Para realizar as actuacións do PAA e as que se lle encomendan no PEA, o IGE contará cos recursos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Nos de 2023 figuran os seguintes:





INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	Orzamento 2023
1. Gastos de persoal	3.431.446
2. Gastos en bens correntes e servizos	350.580
Total gastos correntes	3.782.026
6. Investimentos reais	1.219.300
Total gastos de capital	1.219.300
Total	5.001.326

Artigo 7. Recursos persoais

No desenvolvemento da estrutura organizativa do IGE, regulada na sección III do capítulo II do anexo do seu Estatuto, a relación de postos de traballo do Instituto, publicada como Resolución do 12 de maio de 2017 (DOG nº 97, do 23 de maio) e modificada por Resolución do 23 de setembro de 2022 (DOG nº 189, do 4 de outubro), inclúe 65 prazas:

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	nº prazas	nivel
Secretaría xeral	1	30
Subdirección	2	30
Xefatura de servizo	11	28
Xefatura de sección	18	25
Técnico/a facultativo/a superior	1	22
Posto base grupo A1	10	20
Programador/a	1	20
Técnico/a facultativo/a medio/a	2	18
Xefatura de negociado	4	18
Secretario/a dirección	1	18
Operador/a de ordenador	2	18
Posto base grupo C2	2	12
Subalterno/a	1	10
Titulado/a superior	1	grupo I
Enquisador/a	8	grupo III
Total	65	-

Santiago de Compostela, 23 de Xaneiro do 2023
Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública

Asinado por: CORGOS LOPEZ PRADO, MIGUEL
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 23/01/2023 16:47:42

CVE: NINxy06dz3S2
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

